

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENSINANZAS MUSICAIS NOS ESTABLECEMENTOS DOCENTES DO CONCELLO

Artigo 1º. Naturaleza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, do 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 da Lei 39/88, do 28 de decembro, este Concello acorda a imposición e ordenación da **Taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes municipais**.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúen o feito imponible da taxa a prestación dos servizos de ensinanzas especiais nos establecementos docentes municipais.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten ou resulten beneficiarias ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa.

Artigo 4º. Responsables

- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º. Cota tributaria

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º. Beneficios fiscais.

1. A exención ou bonificación da taxa, para suxeitos pertencentes a familia numerosa, nas porcentaxes establecidas no anexo, que deberán solicitarse expresamente ó Concello, durante o período de inscrición da matrícula.
2. Outros que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais

Artigo 7º. Percepción.

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a prestación dos servicios ou realización das actividades, aínda que se poderá esixi-lo depósito previo.

Artigo 8º. Liquidación.

- Cando se trate de servicios ou actividade cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación para o primeiro período de liquidación, nos sucesivos liquidarase ó inicio de cada período de liquidación, en calidade de depósito previo (os períodos de liquidación veñen establecidos nas tarifas desta taxa: día, meses, curso académico, etc.)
- Cando se trate de servicios ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude da prestación do servicio ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez presentado o servicio ou realizada a actividade en cada un dos períodos de liquidación (días, meses, curso, etc., consorte o disposto na tarifa da taxa)
- Se se realiza a prestación do servicio ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan axiña como se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9º. Ingreso.

O pagamento desta taxa realizarase:

- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de presta-lo servicio ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servicio ou da realización da actividade na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.

-Cando se trate de liquidación cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servicio ou da realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

Artigo 10º. Infraccións e sancións.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e na normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.

Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 da Lei 39/88, do 28 de decembro, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cunha recadación definitiva aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.

DILIXENCIA

Para facer constar que o texto e o precedente anexo, correspondente á Ordenanza Fiscal Reguladora da TAXA POR ENSINANZAS ESPECIAIS



aprobado polo Pleno Municipal nas sesión correspondente á data de 29/03/06

seco e a publicación nos B.O.P. de 27/05/06

quedando definitivamente aprobado a partir de 27/05/06

Tui, 27 de Maio de 1999

Alcalde, Interventor, O Secretario.



ANEXO

TAXA POLA PRESTACION DO SERVIZO DE "ENSINANZAS ESPECIAIS NOS ESTABLECEMENTOS DOCENTES DO CONCELLO

1. A estrutura e contía desta taxa será a seguinte:

1.1. NO CONSERVATORIO DE GRAO MEDIO:

CONTÍA: a).- A matrícula para o curso establécese, na contía de 769,00 € alumno

b).-A matrícula por asignaturas soltas, correspondentes ó 6º curso, establécese na contía de 150,00 €/ asignatura.

1.2. NA ESCOLA DE MÚSICA:

CONTÍA: a) A matrícula por cursos, establécese nas seguintes contías:

| CURSO | IMPORTE ALUMNO/CURSO |
|------------------|----------------------|
| Música Movemento | 244,20 |
| Preparatorio | 411,40 |
| 1º | 411,40 |
| 2º | 436,70 |
| 3º | 436,70 |
| 4º | 436,70 |
| Mantemento | 411,40 |

b) A matrícula para a dobre matriculación na ESCOLA, establécese nas seguinte contías:

| CURSO | IMPORTE DOBRE-MATRICULA |
|--------------|-------------------------|
| Preparatorio | 82,28€ |
| 1º | 58,77€ |
| 2º | 109,18€ |
| 3º | 109,18€ |
| 4º | 109,18€ |

c) A matrícula para dobre matriculación ESCOLA/CONSERVATORIO, establécese nas seguintes contías:

| CURSO | IMPORTE DOBRE MATRICULA |
|--------------|-------------------------|
| Preparatorio | 82,28€ |
| 1º | 58,77€ |
| 2º | 109,18€ |
| 3º | 109,18€ |
| 4º | 109,18€ |

d) No suposto de dobre matriculación efectuarase o cobro total pola matrícula de maior nivel académico.

1.4. Exencións e Bonificacións:

a).- Exención do 100% da taxa ós membros das familias numerosas clasificadas na categoría especial, segundo art. 4.1 a) da Lei 40/2003, do 18.11.

b).- Bonificación do 50% da taxa para os membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral, segundo art. 4.1.b) da lei anterior."

1.4. O pagamento poderase fraccionar en dúas veces:

- a).- O primeiro pago, no mes de xullo, data de inscrición da matrícula, na porcentaxe do 50% do custo total; e, no mes de outubro, data da matrícula para os alumnos que superen a proba de acceso no mes de setembro.
- b).- O segundo pago, 50% restante, antes do día 15 do mes de decembro do ano do comezo do curso.
- c).- Para poder efectuar o pago en dous prazos é necesario non ter débedas relativas o conservatorio, e que o pago do segundo prazo se efectúe a través de domiciliación bancaria.

2.) As débedas non satisfeitas en voluntaria esixíranse pola vía de constrinximento.

DILIXENCIA.- Para facer constar que a modificación do ANEXO correspondente á ordenanza fiscal reguladora do/a ENSINANZAS ESPECIAIS foi aprobado, inicialmente, en sesión Plenaria de data 27/08/12. Exposto ó público, para os efectos de alegacións-reclamacións: no taboleiro de edictos deste Casa Consistorial, con data 15/09/12; e, no BOP nº. 112 de data 18/09/12; quedando definitivamente aprobado e publicándose o texto íntegro da súa modificación no BOP nº. 154 de 12/10/12; data da súa entrada en vigor.
 Tui de de

O SECRETARIO - O INTERVENTOR